<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ p</li> </ul>	<p>▪ B1.7. Documentación: recursos bibliográficos e ferramentas de consulta; fontes musicais, audiovisuais, iconográficas e sonoras.</p> <p>▪ B1.8. Elaboración de argumentacións e xuízos persoais, utilizando o léxico e a terminoloxía específica e xeral, sobre obras e textos relacionados coa música ou a danza, coas correntes estéticas ou cos autores e as autoras.</p>	<p>▪ B1.6. Elaborar traballos de investigación, individuais ou en grupo, sobre algún aspecto determinado e relativo á música, a danza, a literatura ou a estética da arte de calquera época.</p>	<p>▪ HMDB1.6.1. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación.</p>	1º trimestre	50% valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<p>▪ HMDB1.6.2. Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo.</p>	1º trimestre	50% valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<p>▪ HMDB1.6.3. Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes.</p>	1º trimestre	50% valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<p>▪ HMDB1.6.4. Expón as súas reflexións sobre o proceso Ñde investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as súas impresións persoais sobre a experiencia.</p>	1º trimestre	50% valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<p>▪ HMDB1.6.5. Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas.</p>	1º trimestre	50% valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<p>▪ HMDB1.6.6. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.</p>	1º trimestre	50% valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA. 2º DE BACHARELATO						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO DE CONSECUCCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
<b>Bloque 2. A música e a danza da Antigüidade á Idade Media</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Música sacra. Canto gregoriano: características, orixe e evolución. Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Código Calixtino.</li> <li>▪ B2.2. Música profana: xogares e goliardos.</li> <li>▪ B2.3. Instrumentos medievais.</li> <li>▪ B2.4. A danza na Antigüidade: Exipto, Mesopotamia e Persia, pobo hebreo e Creta.</li> <li>▪ B2.5. A danza na Antigüidade clásica. Danzas teatrais en Roma e Grecia. Traxedia grega.</li> <li>▪ B2.6. A danza na Idade Media. Danza e Igrexa. Carola, danza mesurada, momería e danza macabra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar, a través da audición ou da visión, obras da Idade Antiga e medievais, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB2.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</li> </ul>	1º trimestre	50% valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB2.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste períodos</li> </ul>	1º trimestre	50% valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.7. Fontes iconográficas. Iconografía pétreo en Galicia e códices afonsinos.</li> <li>▪ B2.8. Lírica galaico-portuguesa. Afonso X o Sabio.</li> <li>▪ B2.9. Contexto histórico,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Relacionar a historia da música e da danza na Idade Antiga e na Idade Media, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB2.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determino desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.</li> </ul>	1º trimestre	50% valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

	social e cultural no que se desenvolveron a música e a danza na Antigüidade e na Idade Media.					
<b>Bloque 3. O Renacemento</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Polifonía renacentista: características e procedementos compositivos. Polifonía relixiosa.</li> <li>▪ B3.2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas.</li> <li>▪ B3.3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria.</li> <li>▪ B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.</li> <li>▪ B3.5. Danzas de corte: tipos e características.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Identificar obras do renacemento, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB3.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</li> </ul>	1º trimestre	50% valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

<b>HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA. 2º DE BACHARELATO</b>						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE PRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO DE CONSECUCCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE



	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Nacemento e evolución do Ballet de Corte.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB3.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</li> </ul>	1º trimestre	50% Valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Música da Reforma e da Contrarreforma. Música vocal profana: madrigal e estilo madrigalesco. Principais polifonistas.</li> <li>▪ B3.3. O Renacemento en España: música vocal profana (vilancico e romance). Polifonistas do século de ouro: Tomás Luis de Victoria</li> <li>▪ B3.4. Música instrumental en España. Organoloxía. Fontes de estudo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Relacionar a historia da música e da danza do Renacemento, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB3.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determine o deenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.</li> </ul>	1º trimestre	50% Valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA. 2º DE BACHARELATO</b>						
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE PRENDIZAXE</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>GRAO DE CONSECUCCIÓN</b>	<b>COMPETENCIAS CLAVE</b>
<b>Bloque 4. O Barroco</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Música no Barroco: características, periodización e escolas.</li> <li>▪ B4.2. Nacemento da ópera. Ópera seria e ópera bufa.</li> <li>▪ B4.3. Música e relixión: cantata, oratorio e paixón.</li> <li>▪ B4.4. Formas instrumentais: orixe, características e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Identificar obras do barroco, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB4.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</li> <li>▪ HMDB4.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</li> </ul>	2º trimestre	50% valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>

	<p>evolución.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Organoloxía. Tipoloxía da orquestra barroca.</li> <li>▪ B4.6. Ópera Ballet, Comedia Ballet e outros xéneros no Barroco.</li> <li>▪ B4.7. Real Academia de Danza en París. Chegada do profesionalismo á danza.</li> </ul>					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.8. Música barroca en España. Música vocal sacra e profana. Teatro musical: ópera e zarzuela. Música instrumental. Música nas catedrais galegas.</li> <li>▪ B4.9. Principais compositores e compositoras. Función social da persoa compositora.</li> <li>▪ B4.10. Danzas cortesás do Barroco. Ballet de Luís XIV. Música escénica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Relacionar a historia da música e da danza do barroco, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB4.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determine o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e estable xuizos críticos.</li> </ul>	2º trimestre	50% valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA. 2º DE BACHARELATO</b>						
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>CONTIDOS</b>	<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>GRAO DE CONSECUCIÓN</b>	<b>COMPETENCIAS CLAVE</b>
<b>Bloque 5. O Clasicismo</b>						

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Estilo Galante e Escola de Mannheim.</li> <li>▪ B5.2. Formas instrumentais: orixe, características e evolución.</li> <li>▪ B5.3. Música sinfónica e de cámara. Música vocal: reforma de Gluck. Ópera bufa e ópera seria.</li> <li>▪ B5.4. Principais compositores clásicos: Haydn, Mozart e Beethoven.</li> <li>▪ B5.5. Organoloxía: o piano e o cuarteto de corda; evolución da orquestra.</li> <li>▪ B5.6. Ballet de acción. Noverre e outros reformadores. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Identificar obras do clasicismo, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB5.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</li> <li>▪ HMDB5.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</li> </ul>	2º trimestre	50% Valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li>   <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Clasicismo en España.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Relacionar a historia da música e da danza do Clasicismo, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB5.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias pola, súa importancia, determine o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.</li> </ul>	2º trimestre	50% Valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>Bloque 6. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo</b>						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO DE CONSECUCCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Romanticismo.                             <ul style="list-style-type: none"> <li>– Orquestra romántica. Formas sinfónicas. Sinfonía, concerto e música programática.</li> <li>– Piano romántico. Música de cámara.</li> <li>– Ópera. Tendencias. Evolución da ópera como espectáculo. Verismo.</li> <li>– Lied. Composición no Romanticismo e no Posromanticismo.</li> </ul> </li> <li>▪ B6.2. Orixe e significado dos nacionalismos musicais: escolas e estilos. Figuras representativas da composición.</li> <li>▪ B6.3. Rexurdimento musical en Galicia: música instrumental e vocal.</li> <li>▪ B6.4. Ballet romántico: xénese e desenvolvemento; principais obras e figuras.</li> <li>▪ B6.5. Período posromántico no ballet. Principais obras e figuras do ballet imperial ruso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.1. Identificar obras do Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB6.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</li> </ul>	<p>2º trimestre</p>	<p>50% Valoración</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
--	--	--	---	---------------------	---------------------------	--

HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA. 2º DE BACHARELATO						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO DE CONSECUCCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Danza española. Orixe e consolidación das distintas vertentes: folclore, escola bolera, flamenco</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.6. Danza española. Orixe e consolidación das distintas vertentes: folclore, escola bolera,</li> </ul>	<p>2º trimestre</p>	<p>50% Valoración</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>

	e danza estilizada.		flamenco e danza estilizada.			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.7. Música na España do século XIX. Zarzuela. Música galega: principais compositores.</li> <li>▪ B6.8. Influencia da literatura na música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B6.2.. Relacionar a historia da música e da danza no Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo, así como as súas obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB6.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determine o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.</li> </ul>	2º trimestre	50% Valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>Bloque 7. Primeiras tendencias modernas</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ h</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Impresionismo: características musicais e figuras representativas.</li> <li>▪ B7.2. Segunda Escala de Viena: Do Posromanticismo ao Dodecafonismo: composición etécnicas.</li> <li>▪ B7.3. Neoclasicismo. Representantes principais da composición. Stravinski.</li> <li>▪ B7.4. Teatro musical europeo e americano a comezos do século XX.</li> <li>▪ B7.5. Orixe e desenvolvemento da música de jazz.</li> <li>▪ B7.6. Concepcións da orquestra no século XX.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.1. Identificar obras do Impresionismo, o Expresionismo e outros movementos da primeira metade do século XX, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando a súa pertenza a este período histórico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB7.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</li> </ul>	3º trimestre	50% Valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB7.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</li> </ul>	3º trimestre	50% Valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA. 2º DE BACHARELATO</b>						

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO DE CONSECUCCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.7. Ballets rusos. Diaghiliev (coreógrafos, compositores e escenógrafos). Danza moderna</li> <li>▪ B7.8. Novas linguaxes no século XX. O século dos ismos: Surrealismo, Expresionismo, etc.</li> <li>▪ B7.9. Desenvolvemento da danza moderna nas primeiras décadas do século XX.</li> <li>▪ B7.10. Música en España na primeira metade do século. Falla e a Xeración do 98. Xeración da República.</li> <li>▪ B7.11. Música galega. Figuras representativas galegas na diáspora.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B7.2. Relacionar a historia da música e da danza da primeira metade do século XX, así como os seus movementos artísticos e as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB7.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, polo seu a importancia, determine o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.</li> </ul>	3º trimestre	50% Valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA. 2º DE BACHARELATO</b>						
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO DE CONSECUCCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE
<b>Bloque 8. Música e Danza na segunda metade do século XX.</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.1. Serialismo Integral.</li> <li>▪ B8.2. Vanguardas. Indeterminación e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.1. Identificar obras pertencentes aos movementos estilísticos da segunda metade do</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB8.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as</li> </ul>	3º trimestre	50% Valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ p</li> </ul>	<p>aleatoriedade. Novas grafías. Música electroacústica e música concreta.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.3. Postserialismo.</li> <li>▪ B8.4. Música de vangarda española: Xeración do 51. Música galega. Autores/as contemporáneos/as.</li> <li>▪ B8.5. Música e danza popular moderna: jazz, pop e rock.</li> <li>▪ B8.6. Danza contemporánea. Evolución e expansión na segunda metade do século XX.</li> </ul>	<p>século XX, a través da audición ou da visión, e describir os seus trazos máis característicos, xustificando o seu pertenza a este período histórico.</p>	<p>características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</p>			
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB8.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste</li> </ul>	3º trimestre	50% Valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.7. Cante e baile flamenco.</li> <li>▪ B8.8. Música e danza popular galega</li> <li>▪ B8.9. Importancia da música cinematográfica, publicitaria e de ambientación. A danza no cine.</li> <li>▪ B8.10. Novos instrumentos. Novas tecnoloxías aplicadas á música.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B8.2. Relacionar a historia da música e da danza da segunda metade do século XX, así como os seus movementos artísticos e as obras máis significativas, con outros aspectos da cultura, o contexto histórico e a sociedade do mesmo período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB8.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, polo seu importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.</li> </ul>	3º trimestre		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<b>Bloque 9. A música tradicional no mundo</b>						
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ n</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B9.1. Danza e música exótica, étnica, folclórica e popular. Música e danza</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B9.1. Identificar obras da música tradicional, a través da audición ou da visión, e describir os</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB.9.1.1. Coñece e describe as principais características da música e</li> </ul>	3º trimestre	50% Valoración	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ p</li> </ul>	<p>popular galega.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B9.2. Función social da música e a danza: ritos, tradicións e festas.</li> <li>▪ B9.3. Características da música e da danza: ritmo, melodía, morfoloxía, estilos de canto, texturas, pasos, disposicións e movementos.</li> <li>▪ B9.4. Organoloxía. Introducción aos instrumentos tradicionais. O instrumento musical como obxecto etnográfico.</li> </ul>	<p>seus trazos máis característicos, distinguindo estilos, estéticas e usos.</p>	<p>da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos.</p>			
--	---	--	---	--	--	--

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ESO E BACHARELATO

**Os instrumentos de avaliación serán diferentes segundo o tipo de contidos a avaliar.**

- **Contidos prácticos**

Os contidos de práctica da interpretación e improvisación vocal e instrumental, individual ou grupal, os de movemento, coreografía e danza, os prácticos de audición activa (ditados) e os de lectura musical avaliaranse con táboas de indicadores específicas deseñadas segundo o tipo de contidos.

Considérase importante como procedemento e instrumento de avaliación os concertos de alumnado, actuacións musicais, coreográficas, dancísticas ou escénicas. Estas actividades serán avaliadas con táboas de indicadores. Para aqueles que por diversas circunstancias non puidesen participar articularíanse outras actividades de avaliación proporcionales á de participar nos eventos de actuación pública. Ditas actividades alternativas serían avaliadas tanto con probas escritas, como con táboas de indicadores, dependendo do tipo de tarefa de avaliación substitutiva.

- **Contidos teóricos**

Os contidos de cultura musical e historia da música, de linguaxe musical e harmonía teóricos, de composición, de análise de audicións e partituras. avaliaranse con probas escritas específicas, como exames, exercicios escritos da práctica da linguaxe musical, de análise de partituras e audicións, de traballos individuais ou por grupos dos contidos teóricos da materia.



## E) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

As directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización. É dicir, a base desta programación é aprender facendo. O alumnado adquirirá o coñecemento da música a partir da experiencia.

- A planificación do ensino ten sempre como base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da análise crítica, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.

- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos. Superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.

- Diseñaránse diferentes situacións de aprendizaxe, que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos e sempre partindo dunha visión global onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado. E teñan así mesmo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula e a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.

- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia, para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais, e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.

- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.

- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos, para descubrir os coñecementos previos do alumnado, e actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario. Terase en conta no deseño das actividades a súa flexibilidade para adaptalas ás características psicolóxicas e físicas do alumnado e ás diferentes circunstancias no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

As primeiras actividades dos contidos teóricos e prácticos, no inicio do curso, servirán de punto de partida para avaliar ao alumnado e adaptar a programación á realidade.

A materia de música en moitos dos seus contidos é acumulativa, así cada unidade pode enfocarse como recuperación, reforzo ou ampliación adaptando as actividades.

- Por último, destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación, como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

Liña metodolóxica para o traballo dos contidos da técnica musical:

1. Ritmo: traballarase con percusión corporal, con obxectos sonoros (caldeiros, botellas de cristal, plástico...) e con movemento no espazo. Utilizando palabras, frases, textos prosaicos ou poéticos, xogos de palabras. Iso combinarase coa lectura rítmica de exercicios musicais intentando na medida do posible a súa interpretación instrumental na frauta ou nas placas. Utilizaranse na súa lectura ou interpretación instrumental bases de acompañamento, ostinatos melódicos ou rítmicos interpretados polos alumnos ou con gravacións de CDs.
2. Lectura: ademais do que se pode derivar do punto anterior, se traballará con exercicios enfocados a cada dificultade tanto estudados previamente como totalmente a vista.
3. Improvisación: Por medio de bases rítmicas ou harmónicas. Exercicios simples de pregunta - resposta, forma binaria con frases de 8 compases, A B (improvisada), ternaria A B ( improvisada) A. Sempre doado e cunhas pautas moi claras.
4. Composición: traballarase dende 2º da ESO ata bacharelato a creación musical escrita xa que iso facilitará a fixación dos contidos de ritmo, organización dos compases, pulsos "a ortografía da música" xa que este é un dos problemas máis importantes que teñen os alumnos á hora de plasmar no pentagrama as ideas musicais. Incidirase na escritura por pulsos, facendo un paralelismo coa linguaxe falada (as letras agrúpanse por palabras nas frases).
5. Técnica para a práctica instrumental. Alternancia / Simultaneidade: Traballarase as percusións alternativas e simultáneas dende 2º ESO. Este punto é importantísimo para unha boa interpretación nos instrumentos de percusión melódicos e rítmicos. Usaranse exercicios rítmicos ou melódicos. No caso das placas traballarase coas escalas posibles Maiores ou menores, segundo as posibilidades do instrumental Orff da aula sen exclusión doutras escalas como as pentatónicas. Usarase tamén a percusión con obxectos de son e as percusións corporais adaptadas ao nivel. Todo isto facilitará a interpretación dos instrumentos polifónicos ou polirrítmicos en grupo.
6. A práctica orquestral, ou vocal en grupo e a realización de concertos, tanto fóra coma no centro, son de suma importancia para o departamento. A "orquestra da vida" é una imaxe poética da vivencia da música en grupo. O traballo orquestral é para o departamento non só un estupendo instrumento de aprendizaxe musical senón tamén dos contidos transversais tan importantes na formación dos

alumnos; así como de desenvolvemento doutras capacidades cognitivas importantísimas como a atención, concentración, memoria, psicomotricidade fina, entre outras. Por este motivo, o departamento prevé a realización de concertos e actuacións de alumnado de cara os segundo ou terceiro trimestres

7. Os contidos de Danza. A liña metodolóxica será de motivación enfocando a práctica da danza nun ambiente lúdico. Procurarase minimizar os conflitos e motivar coa finalidade de evitar vergoñas e situacións de medo ao ridículo. De todos os xeitos, para aqueles que supusesen un obstáculo enorme articularanse instrumentos de avaliación en consonancia co alumnado participantes no festival.

## F) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR

### ➤ MATERIAIS

Este curso comezamos en todos os cursos da ESO co programa EVA-EDIXGAL. No 2º de Bacharelato non usaremos libro de texto, usaremos a Aula Virtual do IES.

Os contidos teóricos tamén se traballarán a partir de fichas de exercicios de linguaxe musical, de audicións para os contidos de historia da música e apuntamentos. Estes materiais proporcionaranse ao alumnado a través de dúas vías: rede por edixgal /aula virtual, ou tamén en físico.

Na aula de música do noso centro contamos con instrumental Orff e medios audiovisuais, equipo de música, canón instalado na aula, pizarra dixital e un ordenador portátil do centro, á nosa disposición, e acceso a internet.

### ➤ INSTRUMENTOS

#### Electrófonos:

- Pianos e teclados: 2 pianos eléctricos e 4 teclados de 4 oitavas.

Nº	Instrumento	Observacións
2	Pianos eléctricos	Casio / Yamaha
4	Teclados Riguay	4 oitavas: 2 teclados CKC2, 2 tecladosCK68
1	Batería de mesa pequena	OQAN – QPD4

**Cordófonos:**

- Guitarras españolas: Sete guitarras con funda ( 6 funda negra, 1 funda vermela).

Nº	Instrumento	Observacións
3	Guitarras artesanais	Mod. Celeirós, Villanueva
1		Mod. Manvi
1		Mod. 4p Alhambra
1		Mod. Juanita
1	Guitarra eléctrica con amplificador	Marca DAYTONA

**Aerófonos:**

Nº	Instrumento	Observacións
4	Frauta contralto	Plástico, Yamaha

**Membranófonos:**

Nº	Instrumento	Observacións
2	Timbal escolar	Parche plástico afinable, 40 cm, con patas. 1 de Cleyton Percusion 1 de Honsuy
1	Tambor	Parche plástico afinable, 25 cm, con patas. Cleyton Percusion
13	Pandeiro	2 de 20 cm, parche de pel, Honsuy, 1 roto.
		2 de 20 cm, parche de pel, afinables, Fuxeau.
		2 de 24 cm, parche de pel.
		1 de 25 cm, parche de pel, Honsuy.
		1 de 25 cm, parche e pel, afinable, Honsuy.
		2 de 30 cm, parche de plástico, afinables, Cleyton Percusion.
		1 de 35 cm, parche de pel.
1	Pandeireta	15 cm de diámetro / 4 pares de ferreñas
1	Pandeireta	21 cm de diámetro / 4 pares de ferreñas

2	Pandeireta	21 cm de diámetro / 4 pares de ferreñas sen parche
2	Pandeireta	21 cm de diámetro / 6 pares de ferreñas dobres
3	Pandeireta	23 cm de diámetro / 8 pares de ferreñas sen parche 1 parche roto
2	Pandeireta	30 cm de diámetro / 9 pares de ferreñas en zigzag
1	Bombo	Parche plástico afinable, 50 cm. Cleyton Percusion

**Idiófonos:**

- **son indeterminado:**

Nº	Instrumento	Observacións
3	Pandeireta sen parche	2 de 25 cm, 1 de 20 cm.
3	Caixa chinesa	Rectangulares.
2	Caixa Chinesa	De copa.
3	Crótalos	1 parella completa, 1 solto.
7	Maracas	2 grandes, de cor laranxa. 5 pequenas, de cor vermello.
11	Claves	5 parellas grandes, 1 solto. 2 parellas de claves pequenos.
4	Triángulos	2 de 20 cm, 2 de 12 cm.

- **1 Batería completa marca. JIMBAO**

- **Son determinado:**

Nº	Instrumento	Observacións
2	Carillón soprano	Cleyton Percusion de Do a La'
5	Carillón contralto	2 Honsuy, de DO a La'
		2 Cleyton Percusion, de Do a La'

		1 de placas soltas (do, re, mi, fa, sol, la, do', re', sol', la')
1	Xilófono soprano	Honsuy de Do a La'
3	Xilófono soprano	2 Honsuy / 1 Cleiton Percusion, de Do a Fa'
3	Xilófono contralto	2 Honsuy / 1 Cleiton Percusion, de Do a Fa'
2	Xilófono baixo	1 Honsuy / 1 Cleyton Percusion, de Do a La'
1	Metalófono soprano	Honsuy de Do a La'
4	Metalófono soprano	3 Honsuy, de Do a Fa' / 1 Cleiton Percusion, de Do a La'
4	Metalófono contralto	3 Honsuy / 1 Cleiton Percusion, de Do a Fa'
2	Metalófono baixo	1 Honsuy / 1 Cleyton Percusion, de Do a La'

### Obxectos sonoros

30	Caldeiros de pintura sen serigrafiar
5	Botellas de cristal
3	Cunchas

#### ➤ MATERIAL DIDÁCTICO

- Carteis dos instrumentos: familias instrumentais e orquestras

#### ➤ MATERIAL AUDIOVISUAL/ELECTRÓNICA

- 1 Equipo integrado de son con lector de CD, USB e conexión por bluetooth, mando a distancia e dos columnas de son.
- 1 DVD estéreo PHILIPS, Double Speed.
- 6 cascos: 5 JVC HeadPhones, 1 Vivanco SR96.
- 1 Afinador electrónico. 1 Metrónomo dixital.
- 1 Mesa de misturas XENY Q802, 4 liñas.
- 2 Micrófonos direccionais BEHRINGER

#### ➤ MATERIAL INFORMÁTICO

- 1 Ordenador portátil, do centro, á nosa disposición.
- Un canón.
- Pizarra dixital.

- Acceso á rede.

#### ➤ **OUTROS MATERIAIS**

- 1 Encerados con pentagramas
- 2 tallos para piano.
- 6 tallos OQAN cor negro, regulables a 3 alturas
- 22 Atrís de pregar: 17 prateados e 5 negros (defectuosos).

#### ➤ **RECURSOS DIDÁCTICOS**

##### ➤ **PRÁCTICA ORQUESTRAL**

Como principal recurso utilízase a práctica instrumental e orquestral tanto con frautas, instrumental Orff, como con obxetos sonoros como caldeiros, latas, botellas...("instrumentos" moi atractivos para o alumnado). A práctica orquestral é un recurso didáctico moi importante na aprendizaxe dos contidos da materia, non só dos prácticos, senón tamén dos teóricos e transversais. Utilizarase tamén como recurso imprescindible da materia a audición ou visualización de exemplos musicais ilustrativos que sirvan para a comprensión e/ ou aprendizaxe de todos os contidos

##### ➤ **OUTROS RECURSOS**

- Aula informática do centro.
- Biblioteca do centro.
- Páxinas web

<http://www.aulaactual.com>

[http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos\\_informaticos](http://www.juntadeandalucia.es/averroes/recursos_informaticos)

<http://www.conservatoriovirtual.com>

<http://www.musicanet.com>

<http://www.cnice.mec.es/musica>

<http://www.usuarios.lycos.es/sonymusica>

<http://www.teoria.com>

## G) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### ➤ 2º e 4º da ESO MÚSICA

#### Contidos prácticos:

Entendendo por tales os seguintes: práctica e interpretación e improvisación vocal e instrumental, movemento, coreografía e danza, exercicios prácticos de audición activa (ditados) e exercicios de lectura musical.

**Contidos teóricos:** son os contidos de cultura musical e historia da música, de linguaxe musical e harmonía, de composición, de análise de audicións e partituras. Estes avalíaranse con probas escritas como exercicios escritos da práctica da linguaxe musical, de análise de partituras e audicións, de traballos individuais ou por grupos dos contidos teóricos da materia.

#### A nota obtérase coas seguintes porcentaxes:

- **Contidos prácticos:** Puntuarase de 0 a 10 as probas de interpretación vocal e instrumental, movemento, coreografía e danza, exercicios prácticos de audición, lectura musical, improvisación instrumental e vocal. Avalíaranse con táboas de indicadores específicas. Sendo logo un **60% da nota**.
- **Contidos teóricos:** Puntuarase de 0 a 10 as probas (exames ou traballos con exposición oral) de contidos de historia da cultura musical, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical. Avalíaranse con probas escritas ou con táboas de indicadores específicas. Sendo logo un **40% da nota**.

#### Importante:

- É indispensable acadar un 5 como mínimo para superar a materia.
- Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase á nota enteira inferior, se están por enriba de 0.5 tenderase á nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a cualificación será 7; se a media é 7.7 a nota será 8
- A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:
  - 1º Trimestre: 30%
  - 2º Trimestre: 40%
  - 3º Trimestre: 30%



## ➤ 2º BACHARELATO HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

**A nota obterase coas seguintes porcentaxes:**

### **Criterios de cualificación**

Haberá dous bloques un teórico e outro práctico. A puntuación de cada parte será como segue:

- **Contidos teóricos a porcentaxe da nota deste bloque será o 50%** da nota final da materia. A puntuación deste bloque será sobre 10. Avaliaranse con táboas de indicadores específicas. Os contidos teóricos avaliaranse coa realización de diferentes traballos tanto individuais como grupáis de diversa índole: análises de audicións ou partituras, traballos de investigación sobre calquera temática dos contidos da materia, etc. Estes traballos presentaranse escritos e poden ter exposición oral. O alumnado que presente os traballos fóra do prazo previsto poderá ter, segundo as circunstancias que motiven o retraso un 30% menos na cualificación dese traballo.
- **Contidos prácticos A porcentaxe da nota deste bloque será o 50%** da nota final da materia. Os contidos de interpretación instrumental puntuarán sobre 10. Avaliaranse con táboas de indicadores específicas. O alumnado deberá interpretar un mínimo de 3 das pezas das estudadas ao longo do curso, unha de cada trimestre, para acadar o 5. Estas interpretacións poderán ser acompañadas polo grupo orquestral, ou no seu defecto, pola profesora ao piano.

**Terase en conta o seguinte:** valorarase a limpeza na execución atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento ou ao cantar, a precisión rítmica e melódica, a habilidade técnica e fluidez. Respetará as pautas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto. Descontarase 0.25 puntos por cada erro dos 10 do total.

### **Importante:**

- É indispensable acadar un 5 como mínimo para superar a materia.
- Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimáis, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase á nota enteira

inferior, se están por enriba de 0.5 tenderase á nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a cualificación seá 7; se a media é 7.7 a nota será 8

- A avaliación final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:
  - 1º Trimestre: 30%
  - 2º Trimestre: 40%
  - 3º Trimestre: 30%

#### ➤ **CRITERIO DE CUALIFICACIÓN PARA OS CONCERTOS DO ALUMNADO NA ESO E NO BACHARELATO**

- Puntuarán ata 2 puntos como máximo dos 10 da nota final do apartado de contidos prácticos ou de interpretación.
- A participación na Orquestra do IES, en concertos ou actuacións fóra de horario esixe un esforzo a maiores para o alumnado implicado, dado que a música é unha disciplina que ten unha proxección importantísima cara ao público, é a súa esencia. Considérase que ser “intérpretes/músicos” é unha experiencia estupenda para a formación do alumnado, porque por unha banda pecha o ciclo de todo o traballo de práctica na aula, e por outra supón unha inxección de autoestima importantísima nestas idades. Pero sobre todo, prepara ao alumnado cara ao futuro, desenvolvendo a habilidade de enfrontarse a probas semellantes.

#### ➤ **CRITERIOS XERAIS NAS ACTIVIDADES DE APOIO, REFORZO, RECUPERACIÓN, AMPLIACIÓN E TUTORÍA PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN E AVALIACIÓN FINAL NA ESO.**

##### ○ **Actividades de recuperación e tutoría**

O alumnado da ESO que acade unha cualificación inferior a 5 na 3ª avaliación realizará actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados.

Estas actividades poderán ser de dous tipos segundo o caso:

- Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas as previas ata a 3ª avaliación incluída e non as superase. O deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada.
- Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

Segundo os dous bloques de contidos da materia serán.

### Contidos teóricos

1. Exercicios escritos de linguaxe musical que desenvolvan os contidos impartidos no curso, nos que o alumnado non acadase unha cualificación positiva.
2. Exercicios escritos de análise de audicións ou partituras sinxelas que desenvolvan os contidos impartidos no curso, nos que o alumnado non acadase unha cualificación positiva.
3. Exercicios escritos de cultura musical ou historia da música que desenvolvan os contidos impartidos no curso, nos que o alumnado non acadase unha cualificación positiva.

### Contidos prácticos de lectura rítmica, melódica e interpretación instrumental/orquestral

1. Práctica da lectura rítmica/melódica de exercicios sinxelos, estudados previamente ou a primeira vista, que conteñan as células rítmicas impartidas nas que o alumnado non acadase unha cualificación positiva.
2. Práctica da lectura de exercicios sinxelos, estudados previamente ou a primeira vista en clave de Sol coa tesitura traballada no curso, nos que o alumnado non acadase unha cualificación positiva.
3. Estudo e repaso individual das pezas de interpretación instrumental/vocal e de práctica orquestral (co resto do alumnado do grupo) das pezas estudadas ata a 3ª avaliación, nas que o alumnado non acadase unha cualificación positiva.

### Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos

O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións, e a correspondente á avaliación final, seguindo os criterios de cualificación establecidos na programación:

1. Contidos prácticos: puntuaranse de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, sendo logo un 60% da nota final.
2. Contidos teóricos: puntuaranse de 0 a 10 as actividades de recuperación dos contidos de cultura musical e historia da música, da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 40% da nota final.

#### ○ **ESTRUTURA DA PROBA FINAL DA AVALIACIÓN ORDINARIA DE 2º ESO**

O alumnado que non poida superar o curso coas actividades de recuperación poderá superalo a través dunha proba específica que contemple os mínimos do curso.

A puntuación máxima será de 10 puntos. A proba incluíra os contidos teóricos e prácticos. A cualificación final da materia de música obterase coa suma das notas obtidas das porcentaxes dous apartados de contidos teóricos e prácticos.

**Contidos teóricos.** 40% da nota da cualificación final. A cualificación final deste bloque de contidos obterase coa media aritmética da proba de análise e da de linguaxe musical .

1. *Análise dunha melodía popular/infantil onde* o alumnado poida descubrir e explicar todos os contidos relativos á harmonía, á forma, á melodía, á linguaxe musical axeitados ao seu nivel. 10 PUNTOS

2. *Proba de preguntas (exercicios)* sobre os contidos mínimos do curso. 10 PUNTOS

Exemplos: o exame poderá ter estas ou similares preguntas sobre os *contidos de linguaxe musical*: O exame puntuará de 0 a 10

- Exercicio para completar usando figuras/ silencios/puntillo: 2/4 , 3 /4 ou 4/4. (2 puntos)
- Exercicio para pór liñas divisorias: 2/4 ou 3 /4 ou 4/4 ou 6/8. (1 punto)
- Cantos pulsos duran os seguintes esquemas rítmicos? Exercicio de contar pulsos de subdiv. binaria das células rítmicas dadas. (1 punto)
- Cuestión: Pon o compás correspondente a un exercicio de 2 compases: 2/4 ou 3 /4 ou 4/4, ou 6/8 (1 punto)
- Exercicio de pór o nome as notas en clave de Sol. Exercicio de pór o nome as notas no pentagrama, segundo a nota de partida exercicio de debuxar os 3 signos de clave os 7 usos (1 punto)
- Exercicio de pór células rítmicas a palabras ou viceversa. (1 punto)
- Exercicio de riscar as células rítmicas que sobran nun fragmento de 4 compases: 2/4 ou 3 /4 ou 4/4. (0,5 puntos)
- Define estes compases (0,5 puntos) Exemplo:

2/4	• Compás ..... de subdivisión.....	• 4 ..... por compás
6/8	• Compás..... de subdivisión.....	• 6 ..... por compás

- Compón unha melodía de 8 compases en Do M usando células rítmicas ata semicorchea, compás de subdivisión binaria. (2 puntos)

**Contidos prácticos.** 60% da nota da cualificación final. A cualificación final deste bloque de contidos obterase aplicando a porcentaxe indicada á suma das notas das dúas probas de interpretación. *Probas prácticas de interpretación instrumental.* (fruta, placas ou outro). 10 PUNTOS

1. Interpretación instrumental a solo de 1 peza, das estudadas ao longo do curso, atendendo á lectura da partitura, 5 puntos
2. Interpretación instrumental con acompañamento de piano de 1 peza, das estudadas ao longo do curso, atendendo á lectura da partitura, 5 puntos.

**Terase en conta o seguinte:**

Valorarase a limpeza na execución atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento ou ao cantar, a precisión rítmica e melódica, a habilidade técnica e fluidez. Respetará as pautas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto. Descontarase 0.25 puntos por cada erro da puntuación total.

○ **ESTRUTURA DA PROBA FINAL DA AVALIACIÓN ORDINARIA DE 4º ESO**

O alumnado que non poida superar o curso coas actividades de recuperación poderá superalo a través dunha proba específica que contemple os mínimos do curso.

A puntuación máxima será de 10 puntos. A proba incluírá os contidos teóricos e prácticos. A cualificación final da materia de música obterase coa suma das notas obtidas das porcentaxes dous apartados de contidos teóricos e prácticos.

**Contidos teóricos.** 40% da nota da cualificación final. A cualificación final deste bloque de contidos obterase coa media aritmética da proba de análise, de linguaxe musical e de cultura musical.

1. *Análise dunha melodía popular/infantil* onde o alumnado poida descubrir e explicar todos os contidos relativos á harmonía, á forma, á melodía, á linguaxe musical axeitados ao seu nivel. **10 PUNTOS**
2. *Contidos de linguaxe musical. 10 PUNTOS. Exemplos de exercicios*
  - Exercicio para completar compases de subdivisión binaria (2/4, 3/4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8) usando figuras, silencios. Só se puntuará completar os compases coas células rítmicas aprendidas no curso. (0.5 puntos)
  - Exercicio para pór liñas divisorias compases de subdivisión binaria (2/4, 3/4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8). (0.5 puntos)
  - Cantos pulsos duran os seguintes esquemas rítmicos? Exercicio de contar pulsos de subdiv. binaria e ternaria, usando as células rítmicas aprendidas no curso. (0,5 puntos)
  - Cuestión: Pór o compás correspondente a un exercicio de 2 compases: 2/4 ou 3/4 ou 4/4 // 6/8, 9/8, 12/8. (0,5 puntos)
  - Exercicio de pór o nome as notas clave de Sol, clave de Fa en 3ª e 4ª liñas, clave de Do en 1ª, 2ª, 3ª, e 4ª liñas. (0,5 puntos)
  - Exercicio de riscar as células rítmicas que sobran, nun fragmento de 4 compases de subdivisión binaria (2/4, 3/4, 4/4) e/ou ternaria (6/8, 9/8, 12/8). (0,5 puntos)

- Exercicios de clasificación de intervalos simples atendendo á distancia, á especie e á execución (1 punto)
- Exercicio de clasificar acordes en estado natural ou con alteracións: PFM, PFm, 5ª D e 5ª A (0.5 puntos)
- Exercicios de armaduras e escalas en todas as tonalidades M e m (1 punto)
- Exercicio de pór ritmo (coas células rítmicas aprendidas dadas no curso) a un texto: frase célebres ou refráns, en subdivisión binaria ou ternaria. Exemplo: "O sabio non di nunca todo o que pensa, pero si pensa todo o que di" (Aristóteles) (2 puntos)
- Escribe no pentagrama una melodía de 8 compases en nunha escala maior ou menor entre as seguintes: Do Maior/ la menor, Sol Maior/mi menor, Fa Maior/re menor, utilizando un destes compases 2/4, 3/ 4 ou 4/4 e as células rítmicas traballadas no curso. (2.5 puntos)

### 3. *Contidos de cultura musical. 10 PUNTOS*

Exercicio de audición. O alumnado escollerá unha audición, de entre as tres que escoitará no exame. Será quen de reflectir o seguinte:

- Título completo da audición e nome da forma á que pertence, de ser o caso. (1 punto)
- Autor/compositor nome e apelido. (0,5 puntos)
- Etapa artística e século á que pertence. (0,5 puntos)
- Comentario ( 8 puntos)
  - a. Características básicas da sociedade desa época. (1 punto).
  - b. Características da música desa etapa histórica. (2 puntos).
  - c. Explicación redactada das características musicais da audición:
    - ◆ Xénero/s ao/s que pertence (relixioso, profano, culto, dramático, programática, descriptivo, vocal -concertante, a capella, clasificación dos tipo de voz/voces, tipo de agrupación- , instrumental –tipo de agrupación, instrumentos que a conforman-) (1 punto).
    - ◆ Forma, características da mesma. Exemplo oratorio, concerto, sinfonía, ópera ... (1 punto).
    - ◆ Textura. Monofonía, polifonía, homofonía, heterofonía. (1 punto).
    - ◆ Outras obras importantes do autor/compositor. (1 punto).
    - ◆ Algunha outro comentario específico referido á audición. (1 punto)

Importante: As audicións do exame escolleranse das traballadas durante o curso dos contidos de historia da música e da cultura musical

**Contidos prácticos.** 60 % da nota da cualificación final. A cualificación final deste bloque de contidos obterase aplicando a porcentaxe indicada á suma das notas das dúas probas de interpretación. *Probas prácticas de interpretación instrumental.* (fruta, placas ou outro). 10 PUNTOS

1. Interpretación instrumental a solo dunha das pezas estudadas ao longo do curso. 10 PUNTOS
2. Interpretación instrumental dunha das pezas estudadas ao longo do curso acompañados polo grupo orquestral do grupo. Ou no seu defecto pola profesora ao piano. 10 PUNTOS

Exemplos: The house of de rising sun de The animals, It's a heartache de Bonnie Tyler, banda sonora adaptada: Harry Potter, Star wars, Superman, pezas adaptadas de ballet/ópera ...

**Terase en conta o seguinte:**

Valorarase a limpeza na execución atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento ou ao cantar, a precisión rítmica e melódica, a habilidade técnica e fluidez. Respetará as pautas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto. Descontarase 0.25 puntos por cada erro da puntuación total.

○ **ACTIVIDADE DE APOIO, REFORZO, AMPLIACIÓN E TITORÍA**

O alumnado da ESO que acade unha cualificación igual o superior a 5 na 3ª avaliación realizará actividades de apoio, reforzo e ampliación coa posibilidade de subir a súa cualificación de cara á avaliación final. Esas actividades responderán aos bloques de contidos tanto teóricos como prácticos susceptibles de mellora. Serán deseñadas seguindo as pautas anteriormente descritas en ambos bloques de contidos.

O alumnado que adquirise as competencias de xeito destacado e que aínda teña capacidade de mellora, escollerá unha actividade de ampliación libre entre os bloques de contidos teóricos ou prácticos

Critérios de cualificación das actividades de reforzo, apoio e ampliación dos contidos teóricos e prácticos

1. A realización correcta destas actividades poderá engadir ata 1 punto á cualificación da avaliación final, seguindo unha rúbrica de corrección.

➤ **CRITERIOS XERAIS NAS ACTIVIDADES DE PREPARACIÓN DAS PROBAS EXTRAORDINARIAS PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E REMATE DO PERÍODO LECTIVO EN 2ºBAC.**

○ **Actividades de preparación das probas extraordinarias**

O alumnado de 2º Bacharelato que acade unha cualificación igual o superior a 5 na avaliación ordinaria no período comprendido entre a avaliación

final ordinaria e o remate do período lectivo poderá realizar actividades de ampliación como lectura de libros de ensaio que complementen a súa formación e que sexan do seu interese.

O alumnado de 2º Bacharelato que acade unha cualificación inferior a 5 na avaliación final ordinaria realizará actividades que servirán, de ser necesario, como preparación de cara á proba extraordinaria de xuño.

○ **Criterios xerais nas actividades de preparación da proba de avaliación extraordinaria de xuño**

Realizaranse actividades de recuperación que contemplan o repaso e o reforzo dos contidos non superados tanto teóricos como prácticos. Estas actividades estarán encaminadas, de ser necesario, á superación da proba extraordinaria de xuño.

Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos

O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para recuperar a materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación seguirán os criterios de cualificación establecidos na programación:

1. Contidos teóricos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de recuperación dos contidos de historia da música e da danza a partir de exercicios/traballos/comentarios relacionados cos contidos da materia, ademais de análise de audicións representativas, sendo logo un 50% da nota final.
2. Contidos prácticos: puntuarase de 0 a 10 as actividades de recuperación dos contidos de interpretación instrumental/orquestral das pezas da historia da música e da danza estudadas ao longo do curso, sendo logo un 50% da nota final.

**Criterios de cualificación**

Haberá dous bloques un teórico e outro práctico. A puntuación de cada parte será como segue:

- **Contidos teóricos** a porcentaxe da nota deste bloque será o 50% da nota final da materia. A puntuación deste bloque será sobre 10. Avaliaranse con táboas de indicadores específicas. Os contidos teóricos avaliaranse coa realización de diferentes traballos tanto individuais como grupáis de diversa índole: análises de audicións ou partituras, traballos de investigación sobre calquera temática dos contidos da materia, etc. Estes traballos presentaranse escritos e poden ter exposición oral. O alumnado que presente os traballos fóra do prazo previsto poderá ter, segundo as circunstancias que motiven o retraso un 30% menos na cualificación dese traballo.
- **Contidos prácticos** A porcentaxe da nota deste bloque será o 50% da nota final da materia. Os contidos de interpretación instrumental puntuarán sobre 10. Avaliaranse con táboas de indicadores específicas. O alumnado deberá interpretar un mínimo de 3 das pezas das estudadas ao longo do curso, unha de cada trimestre, para acadar o 5. Estas interpretacións poderán ser acompañadas polo grupo orquestral, ou no seu defecto, pola profesora ao piano.



**Terase en conta o seguinte:** valorarase a limpeza na execución atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento ou ao cantar, a precisión rítmica e melódica, a habilidade técnica e fluidez. Respetará as pautas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto. Descontarase 0.25 puntos por cada erro dos 10 do total.

○ **ESTRUTURA DA PROBA FINAL DA AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE 2ºBAC**

O alumnado que non poida superar o curso coas actividades de recuperación poderá superalo a través dunha proba específica que contemple os mínimos do curso.

○ **Contidos teóricos.**

O alumnado deberá realizar un exame escrito dos contidos do curso das avaliacións con cualificación negativa.

Valorarase a capacidade do alumnado para encadrar adecuadamente a forma musical obxecto de exame, ben en pregunta teórica, ben en audición, no contexto histórico que lle deu orixe, achegando cantos máis datos poida sobre a devandita forma musical, as súas características propias, o estilo do compositor, o seu lugar na sociedade do momento etc. En canto á proba específica de audición, valorarase que o alumnado poida encadrala axeitadamente no seu período histórico concreto, recoñecendo, a ser posible, a obra de que se trata. Así mesmo, debe determinar a súa forma musical, os instrumentos que nela concorren, os trazos estilísticos que a caracterizan e o lugar que ocupa na produción musical do compositor, naqueles casos nos que esta información poida obterse/deducirse da audición. Todos estes aspectos deberán ser desenvolvidos cunha lóxica interna na que prime, ademais dos criterios antes sinalados, o principio da non existencia de ideas contraditorias ou incompatibles dentro do mesmo comentario en particular e en xeral de todo o exame.

Esta proba terá esta estrutura.

- **Teórico.** A porcentaxe da nota deste bloque será o 50% da nota final da materia. A puntuación deste bloque será sobre 10 repartido deste xeito.

Tema a desenvolver: 4 puntos. No caso de incluír varias epígrafes na pregunta, dividiranse os puntos entre as diferentes partes.

Definicións: 2 puntos. No caso de incluír varias epígrafes na pregunta, dividiranse os puntos entre as diferentes partes.

Audición, análise e comentario: 4 puntos

- **Contidos prácticos.** O alumnado deberá interpretar un mínimo de 3 das pezas das estudadas ao longo do curso, unha de cada

trimestre, para acadar o 5. A porcentaxe da nota deste bloque será o 50% da nota final da materia. Os contidos de interpretación instrumental puntuarán sobre 10. Estas interpretacións poderán ser acompañadas polo grupo orquestral, ou no seu defecto, pola profesora ao piano.

- **Criterio de cualificación da proba de interpretación.** Valorarase a limpeza na execución, atendendo a unha interpretación sen interrupcións, sen confusións, e utilizando a técnica adecuada ao tocar o instrumento ou ao cantar, a correcta precisión rítmica e melódica, e a habilidade técnica e a fluidez. Respetará as pautas da interpretación: silencio, atención á dirección e aos outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto, empaste. Descontarase 0.25 puntos por cada erro dos 10 do total.

➤ **PROTOCOLO PARA A ELABORACIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADO QUE DEBE SERVIR DE BASE PARA O DESEÑO DAS CORRESPONDENTES ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON MATERIAS/ÁMBITOS CON PARTES SEN SUPERAR NA ETAPA DA ESO**

**Contidos teóricos e prácticos da materia.**

1. Análise pormenorizada de todas as actividades escritas dos contidos teóricos realizadas polo alumnado con cualificación negativa ao longo do curso.
2. Análise das cualificacións obtidas ao longo do curso nos contidos prácticos da materia, avaliando os resultados obtidos en cada unha delas.
3. Extraer conclusións sobre os contidos teóricos e prácticos non superados.
4. Realizar unha planificación individualizada acorde á súa recuperación.

**H) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

CURSO E GRUPO	UNIDADE:				
ITEMS	1	2	3	4	5
Os contidos propostos son adecuados ao alumnado.					
Os contidos propostos despertaron o interese do alumnado.					
A metodoloxía proposta despertaron o interese do alumnado.					
A metodoloxía utilizada favoreceu a consecución dos obxectivos propostos.					
As actividades axudaron a adquisición dos contidos.					
A temporalización axustouse ás necesidades de cada unidade.					
Os instrumentos de avaliación foron doados de aplicar e serviron para a recollida de todos os datos necesarios.					
Os criterios de avaliación permitiron descubrir os acertos e fallos do proceso.					

Indicadores de logro: 1 = Pouco. 2 = Normal. 3 = Satisfactorio. 4 = Moi avanzado. 5 = Excelente.

## I) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

### ➤ CRITERIOS DE RECUPERACIÓN AVALIACIÓN SUSPENSAS. TODOS OS CURSOS

A disciplina de música recuperarase a partir destes criterios:

- Os contidos musicais relativos ao linguaxe musical, expresión vocal, composición, improvisación e interpretación instrumental e de danza; así como os actitudinais recuperaranse de xeito continuo na seguinte avaliación. Cada unidade didáctica aborda todos os bloques de contidos do currículo, polo tanto ao superar as unidades didácticas do seguinte trimestre recupérase o anterior.
- Os contidos relativos á música no tempo ou historia e tamén aqueles puramente teóricos, necesitarán actividades de recuperación concretas ou específicas dada a súa natureza.
- O profesor/a realizará as actividades de recuperación que estime oportunas para superar os contidos suspensos, dependendo do grupo de alumnos, das súas necesidades, dos contidos tratados, elaborando estratexias de actuación que permitan a motivación do alumnado e superación da asignatura.

### ➤ CRITERIOS DE RECUPERACIÓN CURSO PENDENTE

- O alumnado entregará uns traballos trimestrais sobre temas relacionados cos contidos conceptuais da materia que se especificarán máis adiante.
- Trimestralmente asistirá á sesión presencial na que presentarán os traballos escritos sobre os contidos mínimos de teoría musical e creación. E realizarán unha análise dunha audición das seleccionadas do curso. Para isto previamente se lle facilitará o material (exercicios para facer, CD coas audicións e comentarios).
- Os contidos de práctica instrumental recuperaranse da seguinte maneira: se o alumnado ten a materia de música no curso seguinte ao pendente, recuperará este bloque de contidos se o supera no novo curso. Se o alumnado xa non ten a materia no seguinte curso ao pendente, terá que preparar un repertorio de cancións en calquera instrumento melódico, do nivel do curso suspenso. Un mínimo de 1 peza por trimestre (facilitarase as partituras no inicio do trimestre).
- No caso de que o alumnado supere as probas anteriores quedará exento da proba final de xuño.
- No caso de non superar as probas parciais deberá concorrer á convocatoria da proba final de xuño. Esta proba conterá os contidos da materia tanto teóricos como prácticos e o seu deseño é o que se reflicte no punto G da presente programación no apartado “criterios de cualificación / estrutura da proba final”

relativos ao curso en cuestión.

## 2º da ESO (Curso pendente)

### ○ **Contidos prácticos**

#### Audición

Recoñecemento na audición estilos musicais diferentes.

Comentario dunha audición seguindo os pasos establecidos (instrumentación, voces, estilo).

#### Interpretación

Tocar cancións sinxelas con calquera instrumento. Atendendo ao pulso.

Acompañamiento dunha melodía con ritmos axeitados e sinxelos dados.

#### Creación

Creación dunha frase rítmica de catro compases.

Composición de ritmos sinxelos en compases de 2/4, 3/4, 4/4.

Creación dunha frase melódica coa frauta o outro instrumento de xeito que teña sentido completo e atendendo ao final.

### ○ **Contidos teóricos**

Coñecemento dos nomes de diferentes estilos musicais e relacionalos coas audicións

Recoñecemento dos instrumentos da orquestra sinfónica. A súa colocación.

Coñecemento dos instrumentos da música tradicional galega.

Recoñecemento dos diferentes bailes galegos (muiñeira, xota, pasodoble)

Coñecemento da composición dos coros de voces .

Coñecemento dos elementos básicos da linguaxe musical: clave de sol, escala, notas, figuras, compases, tempos e reguladores de matiz: Notas: escala de Do M en clave de sol. Figuras e silencios de redonda a semicorchea.

Coñecemento dos diferentes tipos de texturas e do concepto de forma e os tipos básicos

**Valoración das probas:**

- Recuperación durante o curso escolar:
  1. Os tres traballos a presentar valóranse cun 40% da nota final.
  2. Todos os exercicios e as interpretacións instrumentais valóranse cun 60% da nota final.
- Recuperación na proba final de xuño. A proba escrita maila interpretación instrumental valóranse sobre 10 respectivamente. Os criterios de cualificación son 40% para os contidos teóricos e 60% para os prácticos. A estrutura da proba será igual que a do mesmo curso que se reflicte no punto G da presente programación

**J) ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO**

Este apartado non procede na programación de 2º de Bacharelato Historia da Música e da Danza

**K) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS**

No comezo do curso pasarase ao alumnado diferentes probas para determinar o nivel do alumno/a e do grupo. As probas son as seguintes:

1. Exame dos contidos teóricos de técnica musical (linguaxe musical, armonía ou composición), cultura musical e historia da música
2. Probas prácticas de interpretación instrumental (fauta e placas) e interpretación rítmica sobre instrumentos de percusión indeterminada polirítmica (caldeiros) para coñecer a coordinación e a psicomotricidade do alumno/a, indispensable para o desenvolvemento da materia, interpretación vocal ou instrumental dunha canción ou melodía que recorde de cursos anteriores.

➤ **MODELOS DE PRBAS PARA OS CONTIDOS TEÓRICOS E PRÁCTICOS**

**SEGUNDO DA ESO**

**1) Exame dos contidos de técnica musical (exemplos)**

1. Tocas algún instrumento? Bailas nalgunha agrupación? Cantas nun coro ou grupo?
2. Tes na túa familia algunha persoa afeccionada á música?
3. Que tipo de música escoitas?
4. Que lembranzas da materia de música en primaria?
5. Tocaches en primaria algún instrumento? Cal?
6. Linguaxe musical: realización de exercicios de linguaxe musical básicos (notas en clave de sol, figuras e silencios ata corchea, compases colocar liñas divisorias, completar compases 2/4, 3/4 ou 4/4)
7. Cultura musical: clasifica estes instrumentos en corda, vento e percusión, bailes tradicionais de Galicia, ....
8. Audición: clasifica estas pezas musicais segundo a agrupación que as interpreta: banda, orquestra, solista a piano, solista guitarra, solista ...

Ou calquera outra pregunta sobre contidos básicos.

**2) Exame de interpretación instrumental ou vocal**

1. Exercicios de ritmo por imitación: percusión indeterminada con instrumental Orff ou obxectos sonoros.
2. Exercicios melódicos por imitación vocais ou instrumentais (Orff) Exercicios de improvisación rítmica: percusión indeterminada con instrumental Orff ou obxectos sonoros.
3. Interpretación vocal ou instrumental (Orff, frauta) dunha canción ou melodía de cursos anteriores.

## CUARTO DA ESO

### 1) Exame dos contidos de técnica musical (exemplos)

1. Escribe debaixo de cada signo de clave o seu nome.
2. Pon o nome ás notas no pentagrama considerando as liñas con distintos nomes (exemplo: se a 1ª liña se chamase do, como se chamarían éstas)
3. Clasifica estes intervalos indicando: distancia, simple/composto, harmónico/melódico, conxunto/dixunto.
4. Pon o cifrado do compás que corresponda nestes fragmentos.
5. Escribe unha melodía en Do Maior nun compás de subdivisión binaria, Extensión: 8 compases.
6. Pon as liñas divisorias segundo o compás, e rodea cun círculo as células rítmicas que duran un pulso.
7. Completa os compases con figuras e silencios se é preciso. (este exercicio consiste en escribir un fragmento de varios compases de subdivisión binaria y ternaria nos que faltan figuras ou silencios para completalo, para que o alumno os complete).
8. Completa a serie seguindo as equivalencias: 1 redonda é igual a 2 brancas e.... 1 silencio de redonda é igual a 2 silencios de branca é
9. Responde como no exemplo :  $2/4 = 2/\text{negra}$   $6/8 = 2/2 = 4/4 = \text{etc}$
10. A que época histórica (Idade Media, Renacemento, Barroco, Clasicismo, Romanticismo, Século XX) pertencen estes compositores, músicos, manifestacións musicais ou feitos.

Exemplos: o nacemento da ópera, o esplendor da polifonía, o canto gregoriano, os castratti, o nacemento da orquestra, o organistrum, a forma sonata, o esplendor do piano, Tomás Luís de Victoria, Manuel de Falla, o motete...

### 2) Exame de interpretación instrumental ou vocal

O alumnado realizará exercicios de imitación melódicos ou rítmicos propostos pola profesora ao unísono en pequeno grupo. Utilizando instrumental Orff, frautas doces ou obxectos sonoros (caldeiros, paus...)

Interpretación dunha melodía que recorde, aprendida en cursos anteriores na fruta ou en instrumental Orff, ou/e cantada.



## 2º BACHARELATO

### 1) Exame dos contidos de historia da música e da danza (exemplos)

1. Ordena as épocas da historia e indica os séculos que abranguen (Barroco, Romanticismo, Idade Media, SXX, Renacemento, Clasicismo)
2. Que manifestacións musicais podes sinalar nas épocas anteriores (formas musicais, compositores, instrumentos, agrupacións ....)
3. Que compositores coñeces da historia da música culta e que obras podes sinalar deles
4. Que dúas formas de clasificar usamos para os instrumentos musicais, escríbeas
5. En que época nace a orquestra? Como era a orquestra daquela?
6. Que é unha orquestra sinfónica?
7. Que é unha Banda?
8. Que é unha orquestra de cámara?
9. Cales son os tipos de voz humana? Clasifícaos segundo a altura (agudo a grave) e segundo o timbre (muller, hombre)
10. Que tipos de coro hai? Explíca os que coñezas
11. Explica estas texturas: monofónica, polifónica, contrapuntística, heterofonía, homofonía
12. Que tipos de formas musicais coñeces? En que época se cultivan?
13. Que tipos de manifestacións dancísticas coñeces?
14. Que é o ballet? En que época nace?
15. Que ballets, compositor/es, coreógrafos/as, bailaríns coñeces? Reflicte os datos que saibas sobre eles.

- 2) **Dúas audicións.** escoita estas audicións e coméntaas indicando o que saibas respecto á época á que pertencen, a forma musical, os instrumentos ou voces que concorren, a textura que teñen, o xénero ao que pertencen, o autor/a, e os trazos estilísticos que coñezas

### ➤ MODELOS DE PROBA CONTIDOS DE PRÁCTICA INSTRUMENTAL

O alumnado realizará probas de práctica de interpretación vocal, instrumental (fruta e placas) e interpretación rítmica sobre instrumentos de percusión indeterminada polirítmica (caldeiros) para coñecer a coordinación e a psicomotricidade do alumno/a, indispensable para o desenvolvemento da materia,

para coñecer o nivel de coñecemento instrumental.

### ➤ TEMPORALIZACIÓN DAS PROBAS

Estas probas realizaranse en varios días, (semanas segundo o curso) Para as de interpretación vocal e instrumental utilizaranse as escalas de Do M e de Lam, Sol M e mi m, Fa M e re m con exercicios melódicos sinxelos e rítmicamente básicos, adecuados ao nivel onde o alumnado poida demostrar as destrezas adquiridas, nos cursos anteriores. Para as de interpretación polirrítmica usaranse os caldeiros como instrumento nos que se interpretarán exercicios de lectura polirrítmica a dúas mans, e de imitación, adecuados ao nivel.

No caso de que o alumnado non supere a avaliación inicial cun 50% de puntuación adoptaranse as seguintes medidas:

- Actividades de reforzo individuais, teóricas o prácticas, no caso de que sexan poucos/as alumnos/as os/as que carezan da base suficiente. Nas primeiras semanas do curso.
- Repaso xeral para todo o grupo dos contidos teóricos o prácticos, que sexan descoñecidos para o alumnado, no caso de que sexan contidos puntuais. Nas primeiras semanas do curso.
- Adaptación da programación nos casos máis graves.

### ➤ MEDIDAS A ADOPTAR INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Trala avaliación inicial faise necesario adecuar a programación á realidade do alumnado xeral do grupo, ou ás necesidades individuais. Esta adaptación farase a partir de diferentes estratexias tanto grupais como individuais. Así poderanse engadir actividades de repaso dos contidos descoñecidos de cursos anteriores, ou suprimir algún deles por ter sido plenamente adquiridos. Estas actividades individuais poderán ser:

- A través da análise tanto de partituras, axeitadas ao nivel, da análise de audicións dos contidos do curso anterior, como do presente, reforzada coa utilización de musicogramas. A entrega destas tarefas poderá ser tamén pola aula virtual.
- A través da creación ou composición melódica e rítmica por medio de textos breves, frases célebres, refráns, entre outros, e composición de melodía e acompañamento no 1º curso de primeiro de bacharelato. A entrega destas tarefas poderá ser tamén pola aula virtual.
- A través de exercicios de linguaxe musical tanto escritos como de lectura rítmica e melódica ou ambas.

- A través de execucios de interpretación instrumental individual e orquestral ou de partituras de melodías coñecidas polo alumnado que reforcen a adquisición dos contidos

## L) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Como medidas de atención a diversidade, ademais das actividades de reforzo ou ampliación, con traballos específicos para os alumnos que por defecto ou exceso non estean a seguir o ritmo xeral do grupo. O departamento de música realizará adaptacións da programación se así o requiren as circunstancias dos alumnos. Ademais o profesorado está disposto a facilitar clases de reforzo puntuais nos recreos longos, para os alumnos que o soliciten.

O departamento de música contempla a atención daquel alumnado con TDHA ou alumnado de ACIS, ou calquera outra casuística ao respecto. Nestes casos, o departamento seguirá o protocolo de actuación axeitado a estas necesidades educativas.

É preciso destacar que o departamento pode atopar certa problemática no 1º de bacharelato: neste nivel educativo dáse con moita frecuencia estas variables: alumnado que cursou música en 4º como optativa, con alumnado que non tivo a materia desde 3º, e que se a tivo, só foi con formación de historia da música. Tamén incluso, ás veces, pode haber alumnado maior que accede dende a ESA, ou dende Ciclos Medios. Isto obriga a facer tarefas de reforzo nas primeiras semanas do curso, dos contidos técnicos e de práctica instrumental e vocal da materia para situar ao alumnado no nivel axeitado.

## M) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

**Están presentes en todos os contidos das unidades didácticas da seguinte maneira:**

A materia de música contribúe especialmente ao desenvolvemento dos elementos transversais do currículo en todos os cursos. A comprensión lectora, expresión oral e escrita están presente no estudo e traballo dos contidos de historia da música e da técnica musical. A educación cívica e constitucional, o desenvolvemento da igualdade de xénero e de calquera tipo de condición, a non discriminación baixo ningún concepto teñen o seu reflexo no traballo das actitudes para as actividades orquestrais e corais, na clase e nos concertos, porque todos somos importantes na formación orquestral. Cada quen coa súa función imprescindible. Esos valores teñen tamén o seu reflexo nas actividades de composición, de improvisación, ao respectar as achegas dos /as compañeiros/as.

Os valores que sustentan a liberdade, a axustiza, a igualdade, o respecto aos dereitos humanos, ao pluralismo están presentes na música como

arte universal, con capacidade para ser sentida e comprendida por calquera persoa sen prexuízos de raza, sexo, nivel social, cultural, etc Porque ela admite a simbiose de sons, de ritmos, de escalas, de melodías das diferentes culturas, conseguindo, moitas veces que desa unión nazan novos estilos, novas músicas A escoita activa das músicas do mundo, da música culta, a comprensión da súa importancia na evolución e no nacemento de músicas de diferentes estilos, dá unha perspectiva de tolerancia ante a diversidade de razas, de pobos, de culturas ... O aprecio da arte musical como reflexo da esencia humana achega ao alumnado á tolerancia e afástao da xenofobia.

O traballo da práctica orquestral ou coral favorece o desenvolvemento das destrezas de composición e improvisación, de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico favorecen o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial.

## N) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### Concertos didácticos / Charlas

- **Concertos, actuacións ou charlas** realizadas/impartidas por profesionais da música, da danza ou da pedagogía musical ou dancística, tanto no centro como fóra. Estas actividades valoraranse segundo a oferta das institucións ou a oferta de particulares da contorna como de fóra.
- **Concertos do alumnado** ao longo do curso, se o rendemento do alumnado o favorece.
- **“ORQUESTRA PEDRA DA AUGA”** Este curso 2022-23 continuará o proxecto da orquestra do IES iniciado no curso 2019/20. A formación ensaiaría, fóra do horario lectivo todos os luns do curso entre a xornada da mañá e da tarde (15,00h - 16,20h). Igualmente, os ensaios poderíanse incrementar nas datas próximas ao calendario de concertos programados, estes ensaios serían sempre, fóra do horario de clases. Os concertos da orquestra serían en diferentes escenarios en horario lectivo ou fóra, se as circunstancias sanitarias e o protocolo de actuacións o permiten
- **Revista cultural “A Pedrada”** A Pedrada é a nova revista cultural do alumnado do IES Pedra da Auga. Naceu no curso 2020-21 por iniciativa do profesorado coordinador Paula Carreras Silva (departamento de Música) e Xosé Lois Gómez García (departamento de Xeografía e Historia) coa esperanza de continuar durante moitos anos para ser un canle de comunicación e expresión, tanto no saber científico como humanístico. O obxectivo é que a publicación sirva como reflexión dos grandes temas da actualidade: cambio climático, feminismo,

desigualdade, pobreza, inmigración, racismo..., e constitúa unha “pedrada” que mobilice ás nosas consciencias. Ao mesmo tempo, pretendemos dar conta da actualidade do centro, das excursións e visitas culturais que se realicen, das actividades que se programen, da experiencia da nosa radio e das iniciativas da biblioteca e das novidades editoriais.

Neste curso 2022-23, continuaremos co proxecto coa ilusión de editar 3 exemplares, 1 por trimestre. O alumnado, como o curso anterior, formará parte do equipo de edición, redacción e maquetación; polo tanto pode sufrir variacións. Contamos coa colaboración do Equipo Directivo, e dos departamentos de Física e Química, Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Plástica. Non se descarta a colaboración doutros departamentos.

## **O) MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA**

Para avaliar a programación é necesario avaliar as unidades didácticas, constatar se foron deseñadas de acordo cos seguintes aspectos:

1. Cumprir os obxectivos. Os resultados dos alumnos na avaliación nos indicarán se os contidos deseñados serviron para acadar os obxectivos propostos. En caso contrario, será necesaria unha revisión dos mesmos ampliando ou modificando os propostos previamente.
2. Nivel dos alumnos, non só respecto ao curso ao que pertencen senón tamén ao nivel de madurez musical dos mesmos. Os resultados dos alumnos na avaliación inicial e na avaliación das unidades nos informarán se foron deseñadas correctamente. No caso de que así non fose, será conveniente adaptar a programación ás características do grupo, engadindo ou suprimindo novos contidos para un correcto aprendizaxe.
3. A temporalización das unidades. Será necesario constatar se as unidades didácticas son adecuadas ao tempo previsto. En caso contrario, será necesaria unha revisión e adaptación ao tempo real.
4. Adecuación das actividades, mediante a observación na realización ou na avaliación das mesmas, constataremos se son adecuadas para o aprendizaxe dos contidos e a consecución dos obxectivos. En caso negativo, haberá que adaptalas ás circunstancias do grupo, engadir ou suprimir calquera delas para que nos sirvan adecuadamente a nosa fin.
5. Aceptación, por parte do alumnado das mesmas, isto porase de manifesto analizando a súa participación. Os progresos respecto as avaliacións anteriores. A repercusión das actitudes xurdidas, non só na aula, senón tamén no marco doutras áreas e no entorno do alumnado (recreos, titorías...). Os datos achegados por outros profesores, datos das familias en canto os gustos dos rapaces.

6. Cada mes se fará o seguimento da programación para ver como o alumnado progresa coa mesma, no caso de que o progreso non sexa o adecuado, tomaranse decisións de adaptación sobre a marcha do curso. Trala última avaliación, faremos unha avaliación xeral das programacións para ver as corrección pertinentes, os contidos acadados e os resultados do alumnado na materia. Esta análise do traballo do curso e da viabilidade das programacións terá como consecuencia os cambios que se estimen oportunos nas mesma.

## P) ENSINO NON PRESENCIAL

### 1.METODOLOXÍA

Este curso 2022-23 continuaremos con **EVA- EDIXGAL** en todos os cursos da ESO, en 2º de bacharelato utilizarase a **Aula Virtual do IES Pedra da Auga**

Estes canles servirán para aprender e/ou reforzar, segundo o caso, os contidos teóricos da materia tanto de linguaxe musical, comentario de audicións, análise de partituras, composición, como de historia e cultura musical. Así, na medida do posible, todos os apuntamentos, as partituras, os exercicios de audicións, de linguaxe musical e de composición traballarase a través destes medios. Así mesmo, poderán utilizarse como instrumento de avaliación exames, probas e/ou traballos. Serán unha ferramenta metodolóxica durante todo o curso.

No caso dun ensino non presencial, EVA-EDIXGAL e a Aula Virtual ofertarán ao alumnado a posibilidade das clases por videoconferencia para facilitar o seguimento da materia. Planificaranse reunións por Falemos ou coa tarefa BigBlueButton.

### 2.CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

#### CONTIDOS

Os contidos da materia de música, ademais dos actitudinais divídense en dous grandes bloques: teóricos e prácticos (práctica instrumental, vocal, movemento e danza). No suposto caso dun ensino ,non presencial suprimírase da programación todos os contidos prácticos, deixarán de impartirse e de avaliarse quedando a docencia circunscrita exclusivamente aos contidos teóricos. Esta adaptación vén motivada pola imposibilidade dunha docencia efectiva destes contidos pola aula virtual tanto na práctica docente como no seguimento dun proceso de ensinanza aprendizaxe viable e xusto para o alumnado.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

O criterio de avaliación será unificado para todos os cursos. No caso dun ensino non presencial só se avaliarán os contidos teóricos da materia, sendo estes o 100% da cualificación

### ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

Para o alumnado que teña pendente a materia de música de 2º e 3º de ESO os contidos criterios de avaliación e cualificación serán os mesmos do alumnado que cursa a materia do mesmo curso. Importante: é indispensable para aprobar calquera das materias do departamento de música acadar un 5 como mínimo de media nas actividades, tarefas, traballos, probas... do apartado dos contidos teóricos.

## 3. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ESO E BACHARELATO

Utilizarase a EVA-EDIXGAL/Aula virtual para entregar os exercicios, tarefas, traballos tanto individual como todo o que se realice en grupo. Non se descarta a entrega en físico de traballos ou calquera outro documento escrito para ser avaliado. O alumnado poderá ser avaliado nas sesións presenciais a través de dous instrumentos de avaliación: táboas de indicadores ou con probas escritas.

- **Os contidos teóricos** da materia serán avaliados con probas escritas específicas: exames ou traballos. As exposicións orais de traballos de contidos teóricos serán avaliadas con táboas de indicadores específicas.
- **Os contidos prácticos** de interpretación en grupo orquestral avaliaranse con táboas de indicadores específicas. A avaliación dos contidos de lectura rítmica-melódica e entonación, os de práctica instrumental individual e orquestral e vocal, os de movemento e danza e escénicos, os de improvisación e composición avaliaranse con táboas de indicadores específicas. Os concertos e as actividades de ensaio previas avaliaranse con táboas de indicadores específicas.

## 4. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Segundo os resultados da avaliación inicial deseñaranse de ser necesario actividades de reforzo e recuperación. Estas actividades do plan de reforzo e recuperación serán globalizadas deseñaranse coa capacidade de que poidan abranguer diferentes tipos de contidos da materia de música (linguaxe musical, cultura musical, interpretación instrumental/vocal, creación...), na procura de que o/a alumno/a os adquira no menor tempo posible. Estas actividades individuais poderán ser:

- A través da análise tanto de partituras, axeitadas ao nivel, da análise de audicións dos contidos do curso anterior, como do presente, reforzada coa utilización de musicogramas. A entrega destas tarefas poderá ser tamén pola aula virtual.
- A través da creación ou composición melódica e rítmica por medio de textos breves, frases célebres, refráns, entre outros, e composición de melodía e acompañamento no 1º curso de primeiro de bacharelato. A entrega destas tarefas poderá ser tamén pola aula virtual.
- A través da interpretación instrumental individual e orquestral de partituras que reforcen os contidos do curso actual e traballen os do anterior.

Ademais, poderanse deseñar tarefas baseadas na aprendizaxe cooperativa que favorezan tamén a autoaprendizaxe e que fomenten o uso das TIC. Usaremos para iso a EVA-EDIXGAL e a Aula virtual, como recurso didáctico, coa finalidade de elaborar e compartir os resultados das investigacións que potenciarán a creatividade e o pensamento crítico e contribuirán ao crecemento emocional e científico de todo o alumnado. Estas actividades poderían ser por exemplo:

- A través da realización de traballos de análise de audicións e traballos de campo sobre temas de historia e cultura musical en grupo.

Avaliación das actividades de reforzo e recuperación: o profesorado avaliará todas estas actividades grazas ao seguimento do alumnado con táboas de indicadores e tamén polo traballo realizado a través da aula virtual.

Asdo. Paula Carreras Silva  
Xefa do departamento de Música  
IES PEDRA DA AUGA, Ponteareas. Curso 2022/23